



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



---

### **CIRCULAR LU07/2014**

- Aos atletas, adestradores e clubes

## **XXXVII MEMORIAL GREGORIO PEREZ RIVERA**

**12 de abril do 2.014**

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo, co patrocinio do Excmo. Concello de Lugo, organiza o vindeiro sábado 12 de abril, en xornada de tarde, o **XXXVII Memorial Gregorio Pérez Rivera**, a celebrar no Estadio Gregorio Pérez Rivera de Lugo. Baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2013/14) por algún Club pertencentes a Comunidade Galega.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubes doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

**Art. 2.** As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 4.** A táboa en *todas as probas de lonxitude* estará situada a 3 m.

**Art. 5.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata **60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta. Os **artefectos para homologar** recolléranse ata 60 minutos antes do inicio da proba.

**Art. 6.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

---



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



**Art. 7.** O horario **MODIFICADO** é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
<b>2.000 Obstáculos (xjuvenil)</b>	16:00	
Martelo (cad. a senior)		Martelo (cad. a senior)
Salto Lonxitude (cad. a senior)		Salto Altura (1,35 altura min)
	16:10	<b>3.000 Obstáculos</b>
100 m.l.	16:30	
	17:00	100 m.l.
Xabalina (cad. a senior)	17:15	
400 m.l.	17:20	
	17:30	400 m.l.
1.000 m.l. (cad. a senior)	17:40	
Salto Altura (1,60 altura min)	17:45	Salto Lonxitude (cad. a senior)
	17:50	1.000 m.l. (cad. a senior)
1.500 m.l.	18:00	
	18:10	1.500 m.l.
	18:30	<b>100 m.v. (0,76)</b>
		Disco (cad. a senior)
5.000 m.l.	19:00	
4x100	19:30	
	19:40	4x100
4x80 (infantil)***	19:50	
	20:00	4x80 (infantil)***

\*\*\* 4x80 Infantil federados.

**Art. 8.** Entregaránse trofeo conmemorativa da competición os tres primeiros clasificados de cada proba. Na proba dos 1.500 m.l ademais entregarase trofeo a os tres primeiros clasificados na categoría veteran (unha única categoría para maiores de 35 anos).

**Art. 9.** Nas probas de concursos a meiora realizarase conxunta, homes e mulleres, independentemente dos pesos dos artefactos.

**Art. 10.** A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo, así como as entidades patrocinadoras, non se fan responsables do danos morais ou materiais que poidan derivarse desta competición.

**Art. 11.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

En Lugo, 9 de abril do 2014

Delegado da FGA Lugo